

## **ANEXO: Solicitude de participación na convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2021**

**Centro proponente: ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA**

**Denominación da práctica: FOROS DE EMPRESAS**

**Datas de desenvolvemento da práctica:** Desde o curso 2011-12 ata a actualidade

### **Breve descrición da práctica:**

O Foro de Empresas iniciouse para o Grao en Enxeñaría Informática (FEI) no curso 2011-12 e tivo a súa orixe nun foro de presentación de empresas denominado TecnoETIS, que se celebrou na ETSE no ano 2008.

O Foro de Empresas ten como obxectivo o coñecemento mutuo entre as empresas participantes no programa de prácticas en empresa da ETSE e o estudantado. É un evento que resulta de interese tanto para os/as candidatos/as a facer as prácticas externas dentro do seus estudos de Grao como para o alumnado de último curso interesado na inserción laboral. Tamén axuda a detectar intereses mutuos na realización de Traballos Fin de Grao nas empresas colaboradoras. Ao longo dos anos esta actividade ten amosado a súa utilidade como ferramenta para que o alumnado identifique prácticas ou oportunidades axeitadas ao seu interese ou perfil, así como para coñecer moito mellor o entorno empresarial e as perspectivas de empregabilidade.

Trátase dunha acción que incide directamente en procesos estratéxicos de calidade, en particular nos procesos clave de organización e desenvolvemento dos programas: PC-03 Apoio a estudantes e PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas.

O Foro organízase nunha xornada con sesións de mañá e tarde, e dúas actividades por sesión:

1. As presentacións das empresas
2. Os *stands* das empresas e entrevistas.

A primeira actividade é principalmente expositiva, onde as empresas dispoñen de 10-15 min para darse a coñecer a todo o alumnado. A segunda actividade é interactiva, onde o alumnado pode contactar e preguntar ás empresas por cuestións relativas as prazas de prácticas, perfís de traballo, empregabilidade, etc.

**Breve avaliación da eficacia da práctica:**

O Foro de Empresas para Enxeñaría Informática é a día de hoxe unha actividade consolidada tanto no Grao en Enxeñaría Informática como na ETSE. No primeiro FEI no ano 2011 contouse con 13 empresas participantes, 19 alumnos/as asistentes, e 57 prazas ofertadas. Na última edición presencial, no FEI'2019, os números marcaron un novo récord: 26 empresas participantes, 62 alumnos/as asistentes e 160 prazas de prácticas ofertadas. Nas últimas edicións destaca por unha parte o interese e os recursos amosados polas empresas, tanto na presentación como na imaxe dos seus *stands*, e pola outra o alto grao de interacción empresa-alumnado nos stands das empresas. No ano 2020 o FEI non deixou de celebrarse, pero debido a pandemia COVID-19 desenvolveuse por vía telemática ([FEI' 2020](#)). No presente 2021 estase a organizar de novo de forma presencial e celebrase o vindeiro 16 de decembro.

O éxito do FEI para o Grao en Enxeñaría Informática foi un aliciente para trasladar a experiencia ao Grao en Enxeñaría Química, que este ano celebra o seu primeiro Foro de Empresas cun formato similar ao FEI. Celebrase o día 26 de novembro xunto co Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, que xa tivo unha experiencia previa de esta índole no curso 2016-17. O obxectivo é afianzar a iniciativa para todos os títulos de Grao que se imparten na ETSE.